



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

BASES PARA SELECCIÓN DE 5 MEMBROS DA BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS 2017

1ª. **OBXECTO:** É a provisión temporal de 5 prazas de "persoal contra incendios forestais 2017" (1 xefe, 1 peón condutor e 3 peóns brigadistas), coas seguintes características:

-**XORNADA:** 8 horas diarias en principio, quendas en coordinación cos horarios do Servizo de Defensa contra Incendios Forestais (incluíndo noites, sábados, festivos e domingos).

-**DURACION:** 3 meses, do 1 de xullo ata o 30 de setembro de 2017; esta é unha previsión inicial, pero pode variar en función da organización da selección, formación e operativa da brigada; en todo caso, a duración sempre será de 3 meses.

-**TAREFAS:** prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais, incluso fóra do termo municipal, integrándose no operativo do PLADIGA 2017; conducción de vehículo todo-terreo e manexo de radio. Mentres non haxa incendios que apagar, dedicaranse ao desbrozado de montes, á limpeza de vías municipais como labores preventivos, etc., dentro das funcións fixadas no convenio coa Consellería de Medio Rural.

-**RETRIBUCIÓN:** (brutas, incluídos todos os conceptos como prorrateo de pagas extras, etc.) :

xefe de brigada: 1.000 €

Peón condutor: 900 €

peón: 800 €

2ª. **REQUISITOS:** Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) ser español, ou cidadán de calquera país da Unión Europea, con idade comprendida entre os 18 e os 64 anos, ambas incluídas.

b) non padecer defecto o enfermidade física ou psíquica que impida o correcto exercicio das funcións establecidas.

c) o xefe será titulado profesional nalgunha das seguintes ramas: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. O xefe e o peón condutor terán obrigatoriamente o carné de conducir B.

d) no ter sido separado da función pública por procedemento administrativo ou xudicial.

e) non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, normativa electoral e da función pública.

f) ter ingresados na conta do concello os dereitos de exame: xefe 18 € e peón condutor e peóns 16 euros; as persoas paradas que acrediten a súa condición de desempregadas nos últimos 12 meses, así como a non percepción de prestacións por tal concepto, referidas á data de solicitude, terán unha bonificación da cota do 50%.

3ª. **INSTANCIAS:** Os interesados presentarán instancia para tomar parte na convocatoria, debendo manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª, con prazo dende o día 5 ao 16 de xuño do 2017, en horario de atención ao público de 9 a 2.

Á instancia axuntarase fotocopia do DNI e informe de saúde expedido polo médico de cabeceira, así como fotocopia da documentación que xustifique adecuadamente os méritos. Os que se presenten ao posto de peón condutor poderán optar no mesmo proceso, de xeito subsidiario, ao posto de peón, se así o manifestan.

4ª. **SELECCIÓN:** O proceso selectivo e formativo queda delegado nunha empresa de servizos de futura contratación, baixo a supervisión do concello. A estes efectos queda nomeado delegado municipal, sen prexuízo da asistencia que se precise de calquera empregado municipal, don José Fernando Espada Orgeira, funcionario municipal.

5ª. **COMISIÓN SELECCIONADORA:** Será a que dispoña a empresa delegada de servizos,

formada por persoas especializadas e coñecedoras do tema; non obstante, o concello designa o delegado citado para controlar e coordinar o proceso selectivo, participando directamente se o considera necesario. A comisión estará auxiliada polo persoal sanitario adecuado para valorar o estado físico e de saúde dos aspirantes.

6ª. MÉRITOS: Os méritos previos serán valorados pola comisión seleccionadora ata un máximo de 10 puntos, en función da súa entidade e relación directa coas funcións a realizar pola brigada, segundo o seguinte cadro:

CONCEPTO	VALORACIÓN
Experiencia en brigadas de incendios do Concello de Irixoa, posteriores ao 1-1-2007	1 punto por mes completo
Experiencia noutras brigadas de incendios (concellos, empresas, etc), posteriores ao 1-1-2007	0,6 puntos por mes completo
Formación específica teórico-práctica sobre prevención e extinción de incendios, mínimo 16 horas, posteriores ao 1-1-2007	1 punto cada curso
Permiso de conducción superior ao B (só computa un)	0,3 puntos

7ª. PROBAS: Os aspirantes admitidos someteranse obrigatoriamente ás probas de tipo teórico, práctico, físico e sanitario adecuadas, segundo determine a comisión seleccionadora, e de acordo co establecido no convenio coa Consellería de Medio Rural. As probas físicas e recoñecemento sanitario deberán ser superadas obrigatoriamente polos aspirantes; o resto de probas deberán ser superadas en función do mínimo establecido pola comisión seleccionadora; a puntuación máxima pola fase de oposición será de 20 puntos; as datas, horas e lugares de realización serán establecidas pola comisión, dentro do período comprendido entre o 20 e o 28 de xuño de 2017. O resumo xeral do proceso incluírá a suma das puntuación das fases de concurso e de oposición, con proposta de seleccionados e suplentes. Por resolución da Alcaldía resolverase definitivamente o proceso selectivo.

8ª. CONTRATO: O Concello, representado polo sr. alcalde, e as persoas seleccionadas firmarán sendos contratos laborais, fixándose un período de proba de 15 días. Seleccionaranse as persoas propostas con maior puntuación no proceso selectivo, segundo o posto de traballo ao que optan, así como ata 4 suplentes para cubrir calquera eventualidade no servizo (1 para o xefe e 3 para os peóns e peón condutor, aínda que poden ser intercambiables reunindo os requisitos mínimos). As persoas contratadas, e opcionalmente as suplentes, deberán asistir obrigatoriamente e aproveitar un curso de formación, conforme ao convenio asinado coa Consellería de Medio Rural.

9ª. RECURSOS: contra as bases poderán interpoñerse o recurso de reposición (1 mes) e o contencioso-administrativo (2 meses).

Bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 26-5-2017

Irixoa, 1 de xuño de 2017

O secretario-interventor-tesoureiro

Alejandro Alonso Figueroa



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA POSTO DE "PEÓN" (BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS 2017)

D. _____, de ____ anos de idade, de profesión _____, domicilio en _____, municipio de _____ e teléfono nº _____

EXPÓN :

1. Que está enterado/a da convocatoria de contratación laboral temporal dos postos de "peón" da brigada municipal de prevención de incendios **2017**.

2. Que coñece con detalle as bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 26-5-2017, en especial que o proceso selectivo e formativo será realizado por unha empresa auxiliar, nas datas, horas e lugares que estableza.

Estando interesado/a na provisión de tal praza laboral temporal con xornada de 40 horas semanais

SOLICITA :

a súa **admisión** ao proceso selectivo por reunir todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª da convocatoria, para o que axunta a seguinte documentación:

-fotocopia compulsada do DNI.

- informe de saúde.

- xustificante de pago dos dereitos de exame (16 euros, ou no seu caso de 8 euros se acredita documentalmente ser parado cos requisitos establecidos nas bases).

-outros documentos (especificar): _____

OBSERVACIÓNS:

Irixoa, __ de xuño de 2017

O/A SOLICITANTE

Sr. alcalde
CONCELLO DE IRIXOA



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA POSTO DE "PEÓN CONDUTOR" (BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS 2017)

D. _____, de ____ anos de idade, de profesión _____, domicilio en _____, municipio de _____ e teléfono nº _____

EXPÓN :

1. Que está enterado/a da convocatoria de contratación laboral temporal dos postos de "peón" da brigada municipal de prevención de incendios 2017.

2. Que coñece con detalle as bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 26-5-2017, en especial que o proceso selectivo e formativo será realizado por unha empresa auxiliar, nas datas, horas e lugares que estableza.

Estando interesado/a na provisión de tal praza laboral temporal con xornada de 40 horas semanais

SOLICITA :

a súa **admisión** ao proceso selectivo por reunir todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª da convocatoria, para o que axunta a seguinte documentación:

-fotocopia compulsada do DNI.

- informe de saúde.

- xustificante de pago dos dereitos de exame (16 euros, ou no seu caso de 8 euros se acredita documentalmente ser parado cos requisitos establecidos nas bases).

-fotocopia compulsada do permiso de condución.

-outros documentos (especificar): _____

OBSERVACIÓNS:

OPCIÓN A OUTROS POSTOS: no caso de non resultar seleccionado para o posto de peón condutor opto subsidiariamente ao de

- peón

Irixoa, __ de xuño de 2017

O/A SOLICITANTE

Sr. alcalde
CONCELLO DE IRIXOA

Ingreso de taxas en ABANCA Cta. Nº ES02 2080 0092 1631 1000 0018



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA POSTO DE "XEFE" (BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS 2017)

D. _____, de ____ anos de idade, de profesión _____, domicilio en _____, municipio de _____ e teléfono nº _____

EXPÓN :

1. Que está enterado/a da convocatoria de contratación laboral temporal dos postos de "xefe" da brigada municipal de prevención de incendios 2017.

2. Que coñece con detalle as bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 26-5-2017, en especial que o proceso selectivo e formativo será realizado por unha empresa auxiliar, nas datas, horas e lugares que estableza.

Estando interesado/a na provisión de tal praza laboral temporal con xornada de 40 horas semanais

SOLICITA :

a súa **admisión** ao proceso selectivo por reunir todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª da convocatoria, para o que axunta a seguinte documentación:

-fotocopia compulsada do DNI.

- informe de saúde.

-fotocopia compulsada do título esixido: _____.

- xustificante de pago dos dereitos de exame (18 euros, ou no seu caso de 9 euros se acredita documentalmente ser parado cos requisitos establecidos nas bases).

-fotocopia compulsada do permiso de condución.

-outros documentos (especificar): _____

OBSERVACIÓNS:

Irixoa, __ de xuño de 2017

O/A SOLICITANTE

CONCELLO DE IRIXOA

Ingreso de taxas en ABANCA Cta. Nº ES02 2080 0092 1631 1000 0018